

Ledicia Costas (Vigo, 1979), Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil -entre outros galardóns-, visitou onte os colexios San Roque de Corón (Vilanova de Arousa) e Enrique Barreiro Piñeiro de Vi-

lariño (Cambados) dentro do proxecto FARO DA ESCOLA que organiza o diario decano para chegar a prensa e o periodismo aos centros educativos. O interese e as preguntas dos cativos puxeron de ma-

nifesto o traballo realizado previamente na clase sobre a obra da escritora viguesa. Ademais, unha biblioteca ambientada en *Escarlatina*, a *cociñeira defunta* sorprendeu por completo á invitada.

A autora viguesa que escribe libros en 34 días

Os alumnos de Corón e de Vilariño entrevistan á multipremiada Leticia Costas, sorprendida coa xenial acollida

MARÍA LÓPEZ ■ Arousa

Por "unha tolería" case que aleatoria estudou Dereito e foi avogada "de rebote", pero ela non quería adicarse a esta profesión. Malia todos os consellos recibidos, decidiu ir contracorrente e hoxe por hoxe ten moi claro que a súa decisión foi a axeitada, polo que está contenta de ter sido "unha rapaza rabuda" e deixar o dereito pola literatura. A multipremiada Leticia Costas (Vigo, 1979) estivo onte no Salmés para contestar a todas as preguntas dos alumnos dos colexios de San Roque (Corón, Vilanova) e do Enrique Barreiro Piñeiro (Vilariño, Cambados), quenes incorporarán a entrevista coa escritora ao xornal co que participan no FARO DA ESCOLA, un proxecto do diario decano que pretende achegar a prensa aos centros educativos.

Aos rapaces sorprendeulle a idade coa que Leticia comezou a escribir (13 anos) e a publicar as súas obras de literatura infantil e xuvenil (a primeira, *Unha estrela no vento*, con 16), pero co que quedaron totalmente abraizados foi co tempo que a viguesa tarda en escribir os seus libros: *Escarlatina*, a *cociñeira defunta*, en 34 días; *Esmeraldina*, a *pequena defunta* (a primeira parte), en 42; *A señorita Bubble*, sobre 50; e *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, algo máis de 60. "O que máis tempo me levou foi *Un animal chamado néboa*, porque estiven dous anos lendo sobre a segunda Guerra Mundial", confesou Leticia Costas aos escolares.

En maio unha das súas obras traducirase á lingua coreana

Aínda que "pareza pouco tempo" -advertiulles-, eses días adicaos a tempo completo a escribir. Da mañán á noite. ¿O seu ritual? Poñerse a pensar diante do ordenador en pixama e zapatillas coa única compañía da súa cadelina Maia.

Algúns escritores en potencia de Corón e Vilariño interesáronse por recibir consellos da flamante autora coa que aspiran a compartir profesión. En ambos os dous centros a resposta, evidentemente, foi a mesma: "Devorar libros". De feito ela podía chegar a ler catro á semana. *Matilda*, *Charlie e a fábrica de Chocolate* ou *Alicia no país das maravillas* foron algunhas das súas lecturas favoritas na infancia. "Non hai unha carreira universitaria de escritora", aclaroulles, polo que insistiu



A escritora Leticia Costas falando cos nenos do colexio San Roque de Corón, en Vilanova. // Iñaki Abella



Os alumnos de Vilariño ambientaron a biblioteca no mundo dos mortos de "Escarlatina". // Iñaki Abella

na necesidade de "alimentarse" de libros.

A preguntas dos nenos, Leticia Costas recoñeceu que aínda que se adica en exclusiva na literatura, apenas ten tempo libre ("en agosto si", dixo). Ademais de escribir, imparte unha chea de charlas nos colexios, tanto de Galicia como ta-

mén de fóra da comunidade galega.

A viguesa ten escrito 15 libros de literatura infantil e xuvenil, dos cales foron publicados case todos (13), e agora está volcada nunha novela de adultos -ademais de ter pensado escribir no verán a segunda parte de *A señorita Bubble*-. "Oh,

que pena!", reaccionaron os rapaces, que agasallaron á escritora cun recibimento e cunha despedida que non pasaron por alto ante os ollos da invitada. No colexio de Vilariño, estudantes e profesores pintaron as súas caras coma se fosen defuntos e ambientaron a biblioteca no mundo dos mortos, coma en

Escarlatina, a *cociñeira defunta*, obra na que están a traballar. Así, receitas do máis chamativas, lápidas de papel coa visita de Leticia ao cole ou incluso un cadaleito de cartón con libros escritos pola invitada chamaron a atención da viguesa. A bibliotecaria, para la ocasión "Beatriz Cicatriz", tamén participou na entrevista, preguntando á "mellor escritora do inframundo" por que escribe en galego.

A autora admitiu que foi educada en castelán, lingua na que fala a súa familia, e que ata o instituto non lera nada en galego. No IES de Beade descubriu obras como *Cartas de Inverno* (de Agustín Fernández Paz) ou algunhas de Fina Casalderrey, que lle apaixoaron, e a partires e aí pouco a pouco foise convertindo nunha "defensora do galego", idioma no que pensa, fala, escribe e soña.

En canto ao falso mito de que escribindo en castelán podería chegar a máis xente, Leticia Costas deixou claro aos escolares que para iso están as traducións. De feito ela ten libros traducidos ao castelán e catalán, e "en maio, ao coreano", anunciou.

Cociña e cemiterios

No CEIP San Roque os nenos tamén traballaron a reo na obra de Leticia. Ademais de ler os seus libros (*Inmundicia* e *Roñoso* os de primeiro, segundo e terceiro de Primaria; *A Señorita Bubble* os alumnos de cuarto; e *Escarlatina* os de quinto e sexto), os rapaces encheron os pasillos do centro vilanovés de murais sobre a obra e figura da autora viguesa, a cal lles confesou da súa viva voz que é "mala" na cociña e que de nena encantáballe ir ao cemiterio todos os sábados co seu excéntrico avó (quen tiña a teoría de que para que un coche durase moitos anos tiña que durmir ao quente, polo que o del tñao xunto a unha estufa), pero non porque lle gustasen os mortos, senón porque fixándose nas lápidas descubriu nomes tan particulares como Socorro ou Macedonia.

Aínda que a súa obra é ficción, Leticia adoita importar nas súas liñas localizacións "familiares", e tamén algunha que outra personaxe, coma o Instituto de Beade no que estudou, a profesora de Matemáticas ou uns veciños do seu barrio no que se inspirou para escribir *Inmundicia* e *Roñoso*. Os actos tanto en Vilanova como en Cambados remataron coa sinatura dos libros que levaba cada un dos cativos.

O FARO DA ESCOLA é un proxecto educativo de FARO DEVIGO e está patrocinado pola Deputación de Pontevedra e polas empresas Vegalsa Eroski e Vitrasa. Colaboran Edicións Xerais e o CSIC.